



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2014.**

### **PRESIDENTE**

D. Antonio Quindimil García.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

### **Non asisten e se excusan:**

PSdeG-PSOE:

D. Mariano Iglesias Castro.

### **SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 15 de decembro de 2014, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratálos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

## **1. MODIFICACIÓN BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2014.**

Toma a palabra o Sr. Presidente, manifestando que, como xa saben, presido este Pleno debido á baixa do Sr. Alcalde. Convocouse para ás oito horas e trinta minutos como é costume nos plenos extraordinarios, agradezo a súa presenza e sinto as molestias que este horario puidera causarllles.

De seguido, o Sr. Presidente da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA AO PLENO*

*MODIFICACIÓN BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2014.*

*Vistas a obrigas de facturación electrónica impostas pola Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, en virtude da cal estarán obrigados a facturar electrónicamente todos os provedores que entreguen bens ou presten servizos a este Concello dende o 15/01/2015.*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Considerando que en base á potestade regulamentaria desta entidade pódese excluír da obriga de facturar electrónicamente a este Concello as facturas de ata un importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), impostos incluídos.*

*Considerando que aínda non están aprobados os orzamentos do exercicio 2015, procede modificar as bases de execución do orzamento 2014, que prorrogaríanse ó exercicio 2015 no caso de iniciarse o exercicio económico sen que houbose entrado en vigor o orzamento correspondente, aos efectos de recoller regulamentariamente a excepción citada.*

*Polo antedito, de conformidade co artigo 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da base 18 de execución do orzamento 2014, engadindo o seguinte apartado:*

## *6. Tramitación da factura electrónica:*

*a) Estarán obrigados a facturar electrónicamente todos os provedores que teñan entregado bens ou prestado servizos a este Concello dende o 15/01/2015 e, concretamente, tal e como dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público:*

- Sociedades Anónimas.*
- Sociedades de responsabilidade limitada.*
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.*
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes no territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.*
- Unións Temporais de Empresas.*
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondos de Pensións, Fondos de capital riesgo, Fondo de inversións, Fondo de utilización de activos, Fondos de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titularización hipotecaria ou Fondo de garantía de inversións.*

*b) En virtude da potestade regulamentaria desta entidade, e en base ao apartado segundo do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de Decembro, estarán excluídas da obriga de facturar electrónicamente a este Concello as facturas de ata un importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), impostos incluídos.*

*c) Igualmente quedarán excluídas as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en ditos servizos.*

*SEGUNDO: Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non presentarse reclamacións o acordo*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*elevatorase automaticamente á categoría de definitivo. En caso de presentarse, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.*

*Mesía, 11 de decembro de 2014. O alcalde en funcións, D. Antonio Quindimil García.*

Manifesta o Sr. Presidente que esta modificación das bases de execución do orzamento ven causada pola entrada en vigor da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, que obriga aos provedores a facturar electrónicamente ao concello a partir do 15 de xaneiro, pero permite que o concello poda acordar excepción desta obriga a quenes facturen por menos de cinco mil euros. Como aínda non se aprobou o orzamento 2015, modifícase o do 2014, que será prorrogado ata que non se aprobe o de 2015. Si alguén quere facer algunha consideración pásolle a palabra.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por nove votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e do PP, e unha abstención, correspondente ao concelleiro presente do BNG.

## **2. PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA NA CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS DURANTE O ANO 2015. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Presidente da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA NA CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS DURANTE O ANO 2015. ACORDOS QUE PROCEDAN.*

*Visto o convenio de cooperación, asinado o 05.03.2013, para a creación e mantemento en común do Servizo de Normalización Lingüística dos Concellos de Boimorto, Sobrado dos Monxes e Mesía.*

*Visto o Decreto 383/2014, do 06.11.2014, da Alcaldía deste concello polo que resolveu presentar a solicitude dunha axuda ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para a creación ou mantemento de servizos lingüísticos durante o ano 2015 nomeando e designando ao Concello de Boimorto representante para a realización dos trámites oportunos ante a Deputación Provincial.*

*Vista a base 5ª da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos durante o ano 2015 na que literalmente se di: “Os concellos cun mínimo de 7.000 habitantes participarán individualmente, en mancomunidades ou agrupacións de concellos. Só poden presentar unha única solicitude.”.*

*Proponse ao Pleno a aprobación dos seguintes acordos:*

**Primeiro.-** *Renunciar á solicitude conxunta coa Mancomunidade dos Municipios de Ordes dunha axuda para a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos durante o ano 2015 ao abeiro da dita convocatoria.*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Segundo.- Participar cos concellos de Boimorto e Sobrado dos Monxes na solicitude da dita axuda e prestar así o Servizo de Normalización Lingüística conxuntamente entre os tres concellos.*

*Mesía, 10 de decembro de 2014 O alcalde en funcións, Antonio Quindimil García.”*

Manifesta o Sr. Presidente que este asunto xa se trouxo o pasado ano e consiste na renuncia á solicitude conxunta coa Mancomunidade dunha axuda para o mantemento do servizo de normalización lingüística, xa que se fai cos concellos de Boimorto e Sobrado dos Monxes. Si alguén quere facer algunha consideración pásolle a palabra.

Manifesta o Sr. Álvarez que nós non temos ningún inconveniente en que así se faga pero manifestamos, igual que fixemos o pasado ano, a incongruencia que é formar parte dunha Mancomunidade e, sen embargo, facer a solicitude con outros concellos.

Manifesta o Sr. Presidente que se fai así porque cando se pediu a primeira vez a Mancomunidade non o fixo e agora non se estima oportuno abandonar aos outros concellos, xa que ademais, sen a nosa participación, non alcanzarían o ratio de habitantes necesario.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Presidente, sendo as oito horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O presidente,